



Que dirán, que dirán  
que dirán por ahí  
que te quero y te adoro  
y me muero por ti.

- Esa é a jota.
- Pero esa é en castellano. Pero pensas que me acordan as jotas? A ver, muller. No tono da jota!

Polo mar abaixo vai  
unha troita de pé  
corre que te corre  
quen a pudera coller  
quen a pudera coller  
quen a pudera coller  
polo mar abaixo vai  
unha troita de pé.

VI 479

Eu querer quéroche ben  
na i- alma e no corazon -he,  
eu querer quéroche ben  
na i- alma e no corazon -he  
solo me falta saber  
se ti me queres ou non -he.

Árdelle o eixo  
e árdelle a buxa  
móllaa no río  
pa que non fuxa  
pa que non fuxa  
pa que non fuxa  
árdelle o eixo  
e árdelle a buxa.

Quéroche ben, non é moito  
quéroche ben, non é moito

- Ai, esa aínda non cha cantara.

Eu querer quéroche ben,  
na alma e no corazón,  
solo me falta saber  
se ti me queres ou non.

- Bueno, collíches esa.



- No:

Eu querer quéroche ben,  
a ghracia non era moita,  
perdina no lavadoiro  
cando fun lavar a roupa.

Eu cantar cantaba ben,  
a ghracia non era moita.

[Eu quería-me casar]  
miña nai dime que é cedo  
ela como está casada  
non sabe a prisa que eu teño.

Para vir a xunto a min,  
para vir a xunto a min,  
vai lavala cara,  
vai lavala cara,  
vai lavala cara,  
ghalopín.

*VI 137*

Eu cantar cantaba ben -he  
ghracia non tiña ningunha  
ven acá meu queridiño  
ven acá déixame alghunha.

- Canta, canta.
- E en que tono?
- No que queiras.

Eu cantar cantaba ben  
a ghracia non era moita  
perdina no lavadoiro  
cando fun tendela roupa.

Eu cantar cantaba ben -he  
a gracia non era moita  
perdina no lavadoiro  
cando fun tendela roupa.

Árdelle o eixo,  
árdelle o carro,  
árdelle o eixo  
hai que mollalo  
hai que mollalo  
árdelle o eixo  
árdelle o carro.

Miña nai miña naiciña  
miña nai miña naiciña  
coma miña nai ninghunha  
quéntoume a miña cariña



quéntoume a miña cariña  
co calorciño da súa.

“Maruxiña dáme un bico  
que che hei de dar un pataco.”  
“Non quero bicos dos homes  
que me cheiran ao tabaco.”